

43ª Exaltación do Viño da Ulla

Vedra ofrece gastronomía, música, motor e moita diversión para maridar cos mellores viños da Ulla

A festa de exaltación de San Miguel de Sarandón, co albariño como gran protagonista, inclúe esta fin de semana catas, concursos, rutas de motos e de coches clásicos, gastronomía e actuacións de baile ou 'The Rapants' e a 'París de Noia'

B.C.
Vedra

A parroquia vedresa de San Miguel de Sarandón acolle esta fin de semana unha nova edición, e xa van 43, da Festa da Exaltación do Viño da Ulla, un «escaparate importante» para un produto singular e case único, por tratarse dun viño de uva albariño que medra na provincia da Coruña ou na fronteira de Pontevedra, lonxe das zonas que se asocian popularmente a este branco.

De feito, o obxectivo central desta celebración é o de promocionar os viños da subzona Ribeira do Ulla, que abrangue oito concellos a ambas marxes do río: Vedra, Padrón, Teo, Boqueixón, Touro, A Estrada, Silleda e Vila de Cruces. E para facelo, nada mellor que deseñar un programa de actividades completo, tanto para os amantes do viño como para aqueles que non o son, e con oferta de lecer para todas as idades.

As xornadas arredor do viño da

Trece adegas situadas en oito concellos de A Coruña e Pontevedra amosan os seus viños blancos e tintos



Presentación da 43ª edición da Exaltación do viño da Ulla, que se celebra mañá e pasado en San Miguel de Sarandón.

Ulla darán inicio mañá sábado ás 12 horas coa VII Cata-Concurso dos viños Rías Baixas-Albariño da Ribeira do Ulla. Xa pola tarde, ás 16.00 horas comezará unha ruta mototurística polos viñedos da Ribeira do Ulla, á que seguirá, ás 18.00 horas, a apertura da mostra dos viños, onde os presentes poderán gozar das catas comentadas coas trece adegas par-

ticipantes: Pazo Arretén, Gómez e Rial, Chouzal, Mar de Envero, Lixeles, Barallobre, Adega Valdés, Casa do Sol, María Manuela, Castro Brey, Pazo Vedoiro, Lagar de Bendaña e Adega Chaos.

Ás 19.00 horas, os asistentes poderán degustar tapas de produtos do mar dentro do evento Harmonía: Viño-Tapas grazas á foodtruck da con-

sellería *Galicia sabe a mar*.

E á mesma hora comezarán as actuacións de baile de A.C. San Campio, A.C. Mestre Manuel Gacio, Centro Cultural A Ponte Vella e tamén do propio grupo de baile moderno da primeira das asociacións, a A.C. San Campio. A xornada pecharase coas actuacións de *Os John Deeres*, *The Rapants* e disco móbil *Chocolate*.

Domingo: día de actos oficiais, pregón e comida

A xornada do domingo comezará ás 11.00 horas cunha ruta de coches antigos que dará paso á apertura da mostra dos viños ás 12.00 horas. Deseguido, ás 12.30 horas, haberá unha degustación de produtos gastronómicos dos concellos da Ribeira do Ulla, novamente dentro do evento Harmonía: Viños-Tapas, á vez que comezará o concerto da Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla.

A conselleira de Medio Rural, María José Gómez Rodríguez, será a encargada da lectura do pregón, ás 13.15 horas, que servirá como antelala ao nomeamento dos novos membros da Orde dos Amigos/as do Viño da Ulla, seguido da entrega de premios da Cata-Concurso que se celebra o día anterior.

Dende entón e ata o peche da celebración na noite do domingo, a música será a gran protagonista. A partir das 14.00 horas poderase gozar do grupo *A Requinta de Lampaio* e dende as 15.00 horas coa charanga *Os Atrévidos*.


Xa pola tarde, ás 17.00 comezará a actuación do grupo de música e baile Cantigas e Agarimos de Santiago e ás 19.00 horas arrancará o Viño Son, que nesta ocasión contará coa orquestra *París de Noia*.

**Colleita de Ouro
Añada 2016**

Concurso de Añadas
D.O. Rías Baixas 2018

www.casadosol.es

TRADICIÓN
BODEGUERA



ALBARIÑO
CASA DO SOL
RÍAS BAIXAS
DENOMINACIÓN DE ORIXE
PRODUCT OF SPAIN

Medalla de Ouro
Guía de Vinos Gallegos
Bacchus de Plata 2019

T. 981 511 634 • comercial@casadosol.es

www.facebook.com/PernasMulticentro/



P E R N A S
M U L T I C E N T R O

Haino todo na de Pernas!!



Pontevea 981 809 002

Cuntis 621 268 445

43ª Exaltación do Viño da Ulla

Un escaparate para un viño que dinamiza o rural

A festa de Vedra, que aspira a ser de interese turístico galego, recoñece o papel socioeconómico da viticultura para a zona

Redacción | VEDRA

O viño branco e tinto da Ulla cumprirá neste ano 2025 as súas bodas de prata dentro da denominación de orixe Rías Baixas, a máis internacional de Galicia. Un cuarto de século desde que a subzona coñecida como Ribeira do Ulla, e que abrangue oito concellos do sur de A Coruña e o norte de Pontevedra, forma parte dese grupo de produtos que exercen de embaixadores

de Galicia dentro e fóra de España.

Porén, a historia do viño do Ulla remóntase moito máis atrás no tempo. Unha tradición lonxeva que perviviu ata os nosos días e que leva anos instalada nun importante rexurdimento. Por iso, a Festa de Exaltación do Viño da Ulla que se celebra mañá e pasado en San Miguel de Sarandón pretende recoñecer tamén ese papel clave que xoga o viño na socioeconomía de Padrón, Teo, Boqueixón, Touro, A Estrada,

Silleda, Vila de Cruces e, por suposto, Vedra. Un dinamizador económico non só pola produción e venda de botellas, senón tamén a través do emerxente enoturismo que xira ao seu redor, que ademais permite atraer visitantes de forma desestacionalizada.

A Festa do Viño da Ulla pretende ser así un escaparate para Vedra e para toda a Ribeira da Ulla e o seu viño. E para reforzar ese obxectivo, a comisión organizadora, que preside Marieli



JESÚS PRIETO

Na subzona Ribeira da Ulla da DO Rías Baixas hai quince adegas.

Mogo, aspira a converterse oficialmente, a curto prazo, en festa de interese turístico a nivel galego.

Será un impulso definitivo para un

evento que conta cun orzamento por riba dos 60.000 euros e que xa leva esta semana quecendo motores con varias xornadas técnicas do viño.

Xxx

García | García
Centro Comercial

supermercado carnicería ferretería bazar agasallos mercería calzado enoloxía
fitosanitarios fertilizantes mat. construción estanco bar a taberna do ferrador

San Miguel de Sarandón - 15885 VEDRA (A Coruña) · Tlfno.: 981 50 23 43
garciasarandonslu@gmail.com · www.centrocomercialgarcia.com

Tel. 981 50 30 21 info@viparal.es

LA VIUDA DE PARADA Y ALVELA

COAS MANS NA TERRA DESDE 1964

Disfruta dos nosos produtos de tempada, sempre á man en www.viparal.com

Juan Guerra PULPERÍA

• BAR • ULTRAMARINOS • PULPERÍA

- Romerías - Banquetes
- Primeiras Comunións
- Bautizos
- Viños do Ulla e Barrantes

COMIDAS A DOMICILIO

Temos uñas de San Lázaro

& 981 503 054 M. 639 818 025
Vedra (A Coruña)
www.pulperiajuanguerra.com

XEOS DA ULLA

www.xeosdaulla.com

S. Miguel de Sarandón, 12
Vedra-Galiza

Tel. 981 503 092
M. 620 293 092

XLIII EXALTACIÓN DO VIÑO DA ULLA

5 E 6 ABRIL 2025

SAN MIGUEL DE SARANDÓN - VEDRA

SÁBADO 5 DE ABRIL		DOMINGO 6 DE ABRIL	
Pazo Vista Alegre (Ponte Ulla) 12:00 h.	Viño Tradicional: Música e baile 19:00 h.	12:30 h.	CONCERTO DA ESCOLA DE MÚSICA DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA DO CONCELLO DE VEDRA
VII CATA CONCURSO DOS VIÑOS RÍAS BAIXAS - ALBARIÑO DA RIBEIRA DO ULLA Aberta ao público 16:00 h.	A.C. San Campio (Vedra) A.C. Mestre Manuel Gacio (Boqueixón) Centro Cultural A Ponte Vella (Teo) Grupo de baile moderno da A.C. San Campio (Vedra)	13:15 h.	Saúda do Alcalde do Concello de Vedra
RUTA MOTOTURÍSTICA POLOS VIÑEDOS DA RIBEIRA DO ULLA (Motoclub Val do Ulla)	Viño Son: 22:00 h.		PREGÓN a cargo de M ^o José Gómez Rodríguez, Conselleira do Medio Rural
Campo da Festa de San Miguel de Sarandón 18:00 h.	OS JOHN DEERES THE RAPANTS DISCO MOVIL CHOCOLATE		Nomeamento dos novos membros da "Orde dos Amigos/as do Viño da Ulla"
Apertura da MOSTRA DOS VIÑOS DA D.O. RÍAS BAIXAS - RIBEIRA DO ULLA	DOMINGO 6 DE ABRIL	11:00 h.	Entrega de premios da VII Cata concurso dos viños Rías Baixas-Albariño da Ribeira do Ulla
Apertura da MOSTRA DOS CONCELLOS DA SUBZONA RIBEIRA DO ULLA	RUTA DE COCHES ANTIGOS POLOS VIÑEDOS DA RIBEIRA DO ULLA	14:00 h.	A REQUINTA DE LAMPAI
CATAS COMENTADAS 19:00-22:00 h.	Campo da Festa de San Miguel de Sarandón 12:00 h.	15:00 h.	CHARANGA OS ATREVIDOS
HARMONÍA: VIÑO-TAPAS FOODTRUCKS GALICIA SABE A MAR (Degustación de tapas de produtos do mar)	Apertura da MOSTRA DOS VIÑOS DA D.O. RÍAS BAIXAS - RIBEIRA DO ULLA	17:00 h.	GRUPO DE MÚSICA E BAILE CANTIGAS E AGARIMOS
	Apertura da MOSTRA DOS CONCELLOS DA SUBZONA RIBEIRA DO ULLA	19:00 h.	Viño Son: 19:00 h.
	HARMONÍA: VIÑO-TAPAS (Degustación de produtos gastronómicos dos concellos da Ribeira do Ulla)		ORQUESTRA PARÍS DE NOIA

PULPEIROS • ATRACCIÓNES INFANTÍS • AMPLOS APARCADOIROS

www.festadovinodaulla.com